

## Por que o obreiro está desprotexido?


Cal é o modelo sindical actual?, pois un modelo denominado «promocional», xa que promove o meio através do cal os traballadores deben encauzar a súa acción colectiva: comités e delegados de persoal (como nos modelos ditatoriais); e escolle por outro lado aos actores, que terán amplas prerrogativas para poder actuar (sindicatos máis representativos).

A Organización Internacional do Traballo (OIT) no seu Convénio nº 135, sobre *protección y facilidades a representantes de los trabajadores en la empresa*, de 23 de Xuño de 1971, ratificado por España en 1972, declara no seu artigo 5º que *cuando en una misma empresa existan representantes sindicales y representantes electos, habrán de adoptarse medidas apropiadas, si fuese necesario, para garantizar que la existencia de representantes electos no se utilice en menoscabo de la posición de los sindicatos interesados o de sus representantes y para fomentar la colaboración en todo asunto pertinente entre los representantes electos y los sindicatos interesados y sus representantes.*

Portanto, en primeiro lugar a OIT fai-se eco do canal duplo de representación que pode existir nunha empresa: os representantes eleitos (canal unitario) e os representantes sindicais (canal sindical); e en segundo lugar afirma que non se pode utilizar o primeiro tipo de representación en menoscabo da segunda.

Isto é o contrario ao que consagra o modelo legal de representación dos traballadores en España, que terá un impacto indiscutíbel a súa vez na negociación colectiva. O modelo legal de representación colectiva en España subordina o canal sindical ás decisións do canal unitario (comités de empresa e delegados de

Continua na páxina 3



A felicidade existe  
Calendário CNT 2007  
Consíque-o nos locais da CNT

## Internamento de inmigrantes

A idea de que as persoas só podan habitar, vivir, traballar... onde un ou varios estados (através de acordos) lles permitan, non entra en cabeza humana. Que as posibilidades de sobrevivencia dependan das decisións de Estados e empresas non entra na cabeza. Que unha persoa marroquina sexa inmigrante en Ceuta, Melilla ou Canarias, non entra na cabeza (remítome a calquer atlas). Que o facto de nacer en Polonia non te permita residir (viver) en Franca até o 2003, pero si despois, porque así o decretan os estados (e as empresas), non entra na cabeza.

Ben, como é tan absurdo que **O DIREITO A VIDA** dependa de conxunturas xeográficas criadas e variadas periódicamente por uns/as poucos/as, non me queda outra opción que debater os seus argumentos, aínda que me pareza indebatíbel que cada quen terá que loitar pola súa sobrevivencia como poda e establecerse onde queira.

### A mentira dos sondeos de opinión


As dúas maiores preocupacións «dos españois» a respecto do «fenómeno da inmigración» ás que os medios de comunicación lle dan maior cobertura, son as diferenzas culturais (sobretudo nos coléxios) e falta de traballo.

a) **As diferenzas culturais son en si mesmas enriquecedoras.** O que non é enriquecedor é a discriminación entre nenos e nenas, pay@s e cigan@s, nen@s do campo e da cidade, falantes dunha e outra lingua e, evidentemente, entre diferentes razas ou nacionalidades. Fraco favor lle están a facer a imprensa e os telexornais alarmistas á loita contra a discriminación. Por outra banda é un deber do sistema educativo ensinar @s rapaz@s os idiomas que precisen para desenvolverse nun determinado territorio,

así como tamén o é a educación especializada para @s rapaz@s con problemas específicos.

b) O tema do traballo é especialmente sangrante: comun a todas as lexislacións de extranxaría é a cláusula que condiciona a autorización de residencia e traballo á «situación nacional de emprego» (como por exemplo o art.50 do Regulamento de extranxaría, RD 2393/2004, pero repetida nas sucesivas leis). Primeiro @s españois/as e despois as de fóra. Pero **é unha falacia que non exista emprego.** Será importante aquí a aplicación das cooperativas, a autoxestión e a colectivización, mais o obxectivo de este artigo é sinalar as propias contradicións do sistema, e fariase longo de mais desenvolver esta idea. A Resolución de 17 de Abril de 2001, de delegación do goberno para a extranxaría e a inmigración afirma que «España tiene ciudadada-

Continua na páxina 2



Os exercicios espirituais que os faga o Papa.  
Relixión fóra da escola

### Grandes citas do capitalismo

«Lo que mejor se me da es ir de compras».

(Paris Hilton, citado no Hola de Outubro 2006)

«También soy buena jugando al hockey sobre hielo».

(A mesma individuo, na mesma entrevista).

### Grandes logros sociais do capitalismo

Esta é a historia dun traballador da construción na Coruña. Traballa sen casco nen arnés. Cae do andámio, leva un forte golpe na

cabeza, pero levanta e segue traballando. Ao día seguinte vai ao médico, quen lle manda mercar unhas medicinas. Como o traballador non ten cartos (nen contrato, xa que é ilegal) pide-llos ao xefe. Na nómina do mes seguinte, o xefe desconta-lle as medicinas.

Moraleja? O rico é rico porque sabe manexar os cartos.

### Nota para apóstatas

Na páxina web dispomos dun escrito para declarar-se apóstata, é dicir, para se dar de baixa na igrexa católica, xunto con instrucións sobre como usa-lo. Busca-o en [www.cntgaliza.org](http://www.cntgaliza.org)



# Solidariedade Obreira

Solidariedade Obreira é unha publicación periódica editada pola Confederación Nacional do Traballo da Galiza.  
Dep. Legal:  
Compostela, Novembro 2006

## CNT medra

Desde o último número desta publicación pasaron moitas cousas na Galiza e no mundo, a maioría delas pouco alentadoras de cara á creación dunha sociedade mellor. Das poucas cousas positivas, queremos lembrar que, a día de hoxe, a CNT da Galiza está nun proceso de crecemento. Os traballadores e traballadoras temos poucas posibilidades de defender os nosos dereitos. Sen sindicatos fortes, as nosas esperanzas terán pouco futuro. Pero, apesar do ambiente tan pouco propicio como o que estamos a vivir, a CNT segue afianzando-se. A organización ten adquirido sen subvencións de ningún tipo dous locais, en Coruña e Vigo, e ten cedido un local do Patrimonio Sindical Acumulado (PSA) en Compostela. A CNT de Lugo está a piques de ocupar o seu novo local en aluguer sen descartar os espazos do PSA na amurallada vila, e a CNT de Pontevedra hai meses que ocupa un local do PSA. En Ferrol vai-se constituir o sindicato, e Betanzos está a dar os primeiros pasos nesa dirección.

A maiores, a CNT crece tamén en presenza sindical. Criaron-se as Seccións Sindicais na empresa Mercadona en Lugo e Pontevedra e no Banco de Sangue de Galiza. Na hostalaría compostelá gañamos un conflito laboral, estamos á garda de resolver a demanda laboral contra un concello dos arredores de Compostela e seguimos con lupa a evolución das subcontratas na Xunta de Galicia. Compostela e Pontevedra celebrarán as súas xornadas libertarias, nunha iniciativa que levará á CNT a Marín e Poio.

Son só unhas pequenas mostras de que algo se move na Galiza, algo tira para adiante. Recorda, pois: A felicidade existe; non deixes que pase pola tua porta sen te facer unha visita!

### Enderezos da CNT

#### A Coruña

Rua Washington, 36, baixo 15002 A CORUÑA Tel/Fax: 981 90 40 44 Correspondencia: Apdo 928 15080 A CORUÑA corunha@cntgaliza.org

#### Compostela

R/ García Prieto, 24-28 15706 COMPOSTELA Tel: 981 590 910 Fax: 981 534 256 Correspondencia: Apdo 590 15780 COMPOSTELA (A COR.) compostela@cntgaliza.org

#### Vigo

R/ Príncipe, 22, 1º Local 34 36202 VIGO (PONTEVEDRA) Tel: 886 116 558 vigo@cntgaliza.org

#### Lugo

Rua Nova, 103, 1º Dereita 27001 LUGO Tel: 650 269 807 Correspondencia: Apdo 65 27080 LUGO lugo@cntgaliza.org

#### Ourense

Apdo 92 32080 OURENSE ourense@cntgaliza.org

#### Pontevedra

R/ Pasanteria 1, 3º 36002 PONTEVEDRA Tel: 986 854 075 / 678 075 911 pontevedra@cntgaliza.org

#### Betanzos

Apdo 95 15300 BETANZOS (A CORUÑA) betanzos@cntgaliza.org

#### Ferrol

Apdo 147 15480 FERROL (A CORUÑA) ferrol@cntgaliza.org

#### Comité da Rexional Galáica

galiza@cntgaliza.org  
www.cntgaliza.org

Non sexas  
o xogete do  
patrón

Afilia-te á C.N.T.



## Internamento de inmigrantes

nos propios sin empleo y 2.000.000 de emigrantes, muchos de los cuales quieren volver a trabajar a su país». Deixando a un lado a «mosa» propia situación como emigrantes e a falta de empatía implícita nesta frase, volvo a dicir que **si hai emprego**; e o digo porque Inditex (concretamente Zara) foi denunciada por ter a decenas de persoas de China traballando agochadas nun sótano en condicións de escravitude, sen seguridade social, con salários miserábeis e sen ningunha seguridade. Non existían estas persoas nen estes «empregos» até que se descubriu. O mesmo coas mulleres que traballan da mesma forma desde as súas casas para a mesma empresa. E seguindo este mesmo exemplo de explotación, a mesma empresa ten talleres en Marrocos e outros lugares onde pode legalmente escravizar as traballadoras, para vender o produto do seu traballo en España e os demais países ricos por un prezo que no seu lugar de produción, as súas criadoras, non se poden permitir.

## As empresas emigran

Digo que hai traballo porque sabemos que **son as empresas as que emigran** a países onde poden producir con salários de miséria, e que incluso nos estados como España os seus produtos son obra de persoas que non están no mercado de traballo (voltando ao exemplo de Zara, o número de postos de traballo que ofertan legalmente non representa o número real de mulleres que traballan desde a súas casas a destallo sen contrato e resultando ridículo falar aquí de salario mínimo). Por outra banda, @s empresáris@s responderon ao ministro Caldera que si demandaban inmigrantes. Isto en directa relación co pretendido tópico de que «@s inmigrantes traballan onde @s españolas non queren». Pero @s españolas traballan nas minas, en alta mar durante 6 ou 8 meses con só 1 ou 2 en terra. Cabe pensar que o que non se quere son os salários. A conclusión é simple: non é que escasee o traballo nen que @s traballadoras do mundo nos quitamos o pan unhas a outras. **Son as empresas as que xogan co salario do medo, coa redución de custos utilizando man de obra barata** (escrava) sen que elas teñan as dificultades que se opoñen ás persoas para implantarse no país que mais baixo custo ofereza, criando necesidades nos países non produtores que os produtores non se poden permitir polos salários que esa mesma empresa lles rouba. O paralelismo co sistema de clases é óbvio.

## O proceso de normalización

O proceso de normalización foi



**unha das maiores farsas do actual goberno do PSOE**; sumamente restrictivo, foi vendido nun primeiro momento como a alternativa «progre» as posturas de ultradereita do PP. Nada máis lonxe da realidade. Durante o escaso período de tres meses, este procedemento establecido na Disposición Transitória Terceira do Regulamento que desenvolve a LO 4/2000 (Lei de extranxaría, parcialmente modificada pola LO 8/2000), aprobado por RD 2393/2004, de 30 de Decembro, só otorga a facultade de solicitar a autorización inicial de residencia e traballo aos «empresarios y empleadores» (isto último para dar cabida a contratación de servizo doméstico), nunca à inmigrante. **Os requisitos que debe cumprir a persoa contratada inmediatamente dan conta da imposibilidade de regularización da maioría dos inmigrantes** que entran no Estado en situación ilegal, moitas veces a costa da propia vida. Estes requisitos foron:

-Que a traballadora estivese empadroada en municipio español 6 meses antes da entrada en vigor do regulamento como mínimo.

-Contrato por un mínimo de 6 meses. Excepcionan-se o sector agrario (3 meses) e a hostalaría e a construción, nos que os seis meses poden estar distribuídos nun período de 12.

-Que as empresas estén ao día nas súas obrigas fiscais e coa seguridade social, e que dispoñan os medios económicos para o emprego ofrecido.

-Que as condicións do contrato estén dentro da normalidade laboral.

-Que a extranxeira teña o título adecuado ao posto de traballo ofrecido.

-Que o extranxeiro careza de antecedentes penais.

A maior parte das persoas esperanzadas con este proceso vendido nos medios de comunicación como que case revolucionario, toparon-se de fronte **co requisito de empadramento**, pouco frecuente se estás nunha situación «ilegal» nun estado, salvo nos casos, sobretudo, de persoas as que lles caducara unha autorización anterior e seguiron en España. Nen que dicir ten que os recén

chegados non poderían de ningunha maneira cumprir o primeiro requisito. Outra barreira foi que **só as empresas puden facer a solicitude pola persoa inmigrada**; a maioría dos casos non se

trataba de que unha boa empresaría ofertara un emprego a unha inmigrante descoñecida, senón que se trataba de persoas que xa estaban prestando os seus servizos a tal empresaría e esta negaba-se por motivos óbvios: se esta persoa xa estaba traballando sen autorización, a empresa non podía ter con ela un contrato de traballo, o que nos leva a traballo en negro, precariedade, baixo salario, elementos que dificilmente cambia a empresa por un contrato legal.

Tamén é de destacar o descaro co que **o goberno pensou no tipo de sectores aos que se lles dan maiores facilidades**, isto é, onde as empresas demandan inmigrantes: construción, hostalaría, sector agrícola e servizo doméstico, **os traballos máis precarizados**. No caso da construción e da hostalaría, a empresa pode distribuír os 6 meses ao longo dun ano, o que leva a unha conclusión inmediata: son sectores submetidos à realización de obras concretas e à temporada turística, para que van a pagar un ano enteiro se poden dispor dunha traballadora só cando a precise e sen que se poda substraer desta obriga so pena de ser expulsada? De que vai vivir esta persoa os meses que non ten traballo porque a lei permite à empresaría contratá-la de forma discontinua no período dun ano e sen que a traballadora poda deixar tal situación de precariedade? É óbvio que o proceso de normalización non pensa na inmigrante, senón no lucro da patronal.

Se pensabamos que isto era o colmo da precarización, atopámonos de cheo coa **situación das empregadas do servizo doméstico**, que poden traballar por horas en varias casas até completar un mínimo de 30 semanais e se lles faculta para solicitar elas mesmas a autorización. Esta situación de traballo para diferentes persoas e por horas é o que menos garantiza un salario digno, sendo máis fácil así eludir o requisito de que as condicións de traballo estén dentro da «normalidade laboral».

Pois ben, isto é o que nos vendeu o PSOE e que o PP critica polo mesmo. Farsa de esquerda e dereita, ambos os dous saben o restrictivo de tal proceso, así como que está pensado para beneficio das empresas (non vaiades marchar a Marrocos que xa vo-lo dei-

Información, loitas, convenios, etc:

[www.cntgaliza.org](http://www.cntgaliza.org)  
[www.cntgaliza.org](http://www.cntgaliza.org)  
[www.cntgaliza.org](http://www.cntgaliza.org)



## Internamento de imigrantes

xamos facer aquí), e cunha vergoñenta precarización do traballo, especialmente pensado para imigrantes en estes sectores, con menor capacidade de protesta sob a continua ameaza de expulsión.

## Centros de internamento de imigrantes

Ningun nacional pode ser pechado no cárcere se non é por un delito (penal). Unha das maiores aberracións humanas deste tan «progre» regulamento da lei de extranxaría é que se **pode privar de liberdade a un extranxeiro por motivos puramente administrativos**. O artigo 153 do mesmo establece que estas, na práctica, condenas exactamente iguais que as penais, daran-se tras as resolucións de retorno que a administración non poda executar en 72 horas, en caso de acordo de devolución e en caso de que a persoa non abandone o «territorio» (só lles falta mexar nas fronteiras coma os cans para marcar territorio) no prazo concedido. Aínda que só poderá extender-se a privación de liberdade (e seguro que isto lles sonará as persoas de movementos antirrepresivos) durante o «tempo imprescindible para a práctica da expulsión», todas sabemos que a administración é lenta, polo que duración poderá prolongar-se até 40 días !!! (e nos que nos queixabamos pola duración das detencións incomunicadas). **Estes centros son auténticos cárceres**, e a súa parca regulación é parella à do regulamento penitenciario, permitindo o uso de «meios de contención» (porras eléctricas...) para, por exemplo, evitar fugas (art. 62 LO 14/2003).

## Por qué?

É óbvio que **non vivemos nun territorio con máis recursos que África ou América do Sul**. Un exemplo, o caso de Repsol IPF en Bolivia. Tamén o de Inditex en Marrocos, onde as produtoras de roupa non teñen acceso ao produto do seu traballo. Hubert Sauper, no seu documental «O

pesadelo de Darwin», mostra a situación das persoas que vivían da pesca no Lago Victoria antes da introdución da pesca europea nos anos 50 por un funcionario colonial, producindo-se a miséria de sempre: @s traballadoras xa non teñen acceso ao peixe (a comida), que se destina exclusivamente a exportación, sen que eles podan pescá-lo para consumo propio e sen que teñan acceso co seu salario à súa compra.

Celia Doria, no seu traballo «África neocolonial: algunos aspectos de su despojo», aporta datos sobre a situación: da agricultura de subsistencia, pasou-se aos monocultivos para a exportación, segundo a demanda dos «países ricos», producindo-se o de sempre, a xente xa non pode consumir o que produce (propriedade da empresa de turno) nen pode mercá-lo co seu salario de miséria. Salvo en Sudáfrica, a maioría das empresas son de capital extranxeiro (como dicía antes, as empresas si poden emigrar sen problemas). Sudán é rico en recursos mineiros, pero todos en poder de «capital extranxeiro».

Poderíamos seguir dando exemplos e datos, pero penso que bastan para a conclusión: **se en lugar de perder a débeda externa se fixera unha compensación quedamos a deber** e non o pagamos até a desaparición do planeta.

Pois ben, para finalizar, parece que entrei no seu xogo, e non me trago as diferenzas nos **discursos PP-PSOE**. Ambos saben o restritivo da lei, que está pensada para as necesidades dos máis explotadores de todos os empresarios, legalizar a precariedade non permitida aos nacionais (Disposición Adicional 3ª xa comentada). **Só están a xogar o seu papel de esquerda e dereita, pero as súas leis non varían no seu contido** e a elas me remito. As democracias liberais criaron tal monstro que xa non sabemos que inimigo temos enfrente. As fronteiras criáanse por intereses mercantís (UE), así como os dereitos da clase operaria e as leis de inmigración. As empresas gobernan. Algo haberá que facer...

## Os libros arden mal

Editado por Xerais, apareceu hai uns meses nas livrarias unha nova entrega do escritor e xornalista coruñés Manuel Rivas que esta vez trata dos distintos avatares que diferentes personaxes viven cando o levantamento militar franquista do 18 de Xullo de 1936. O libro, que este comentarista aínda non rematou, ten nen máis nen menos que 746 páxinas, ou sexa, que en principio mete medo e impón respecto. Pola contra, tais sensacións van desaparecendo a medida que se lle mete o dente porque a prosa e o ritmo que Rivas imprime á novela fan-na agradable e as páxinas voan, como o fume que desprenden os libros e revistas queimados.

Talvez hai un «pero». En ocasións os personaxes rebotan na estrutura circular à que submete a historia, unha e outra vez apare-

cen en diferentes ámbitos, como se houbera que definí-los e perfilá-los pola acción mesma, como se non tiveran un perfil previamente marcado.

Outro «pero». O movemento libertario coruñés era algo máis que ateneus. Había moita loita sindical a maiores de naturismo, veganismo, cultura obreira e ganas de se formar intelectual e moralmente. Pois iso non aparece na novela, non hai referencias à loita sindical que acompañaba à difusión cultural desde un punto de vista libértario.

Mais non se pode dicir, non o direi, nen o penso, que sexa unha historia coxa. Todo o contrario. A narración sosten-se de seu e enganxa à persoa que a lé. Gabanzas e parabéns para Manuel Rivas.

## Por que o obreiro está desprotexido?

persoal). Como exemplo con-traposto encontramos en Europa, a Italia, onde o sindicato ten maior peso do que a representación unitaria.

Pero isto non é nada novo en España, onde o Estado sempre quixo evitar que o sindicato constituíase nun contra-poder. Así en 1926, durante a ditadura de Primo de Rivera, consti-túen-se os «comités paritarios» como modelo de representación corporativa. No marco desta lexislación os sindicatos quedaban desprovistos das súas funcións de negociación e conflito, porén podían servir de sostén à estrutura corporativa, mediante a presentación de candidaturas.

Na II República os comités paritarios tiveron continuidade nos «jurados mixtos», pero ao tempo a lexislación republicana concedía-lle às asociacións obreiras desenvolver a súa actividade dentro ou ao marxe de ditos xurados, cousa que non concebía o réxime ditatorial. No réxime ditatorial franquista, o relevo dos comités paritarios e xurados mixtos efectuarán-no os «xurados de empresa» e o «enlace sindical».


Cal é o modelo sindical actual?, pois un modelo denominado «promocional», xa que promove o meio através do cal os traballadores deben encauzar a súa acción colectiva: comités e delegados de persoal (como nos modelos ditatoriais); e escolle por outro lado aos actores, que terán amplas prerrogativas para poder actuar (sindicatos máis representativos).

E este é un e o principal escollo co que se enfrentan os sindicatos: que da obtención dunha determinada representación nas eleccións sindicais, deriva-se un dereito preferente a participar na negociación das condicións de traballo.

E por qué é así en España? Porque o estado actual é fruto de uns pactos entre os vencedores da guerra civil contra o movemento obreiro revolucionario e a oposición democrática. Non estaban dispostos, nen uns nen outros, a que as ideoloxías e organizacións responsabeis do «vencido» movemento obreiro voltaran a campar às súas anchas. Por iso, os actores elexidos nun primeiro momento foron os mesmos que participan en ditos pactos

Así, tendo en conta que o Esta-

## Grazas a unha adaptación constante ao mercado do traballo, conservei o meu emprego



tuto dos Traballadores promulgábase en 1980 e, en 1978, as eleccións sindicais tiveron uns resultados nos que CCOO obtivo 66.540 delegados e UGT 41.897, sendo seguidos moi de lonxe pola terceira forza sindical USO con 7.474, o ET reconece entre outras cuestións:

1. Como forma de participación dos traballadores, a participación através dos órganos de representación regulados en dita Lei (comités de empresa e delegados sindicais).

2. Renuncia á asemblea de traballadores como órgano de toma de decisións.

3. Reconece que o convenio colectivo ten eficacia xeral para todos os traballadores incluídos no seu ámbito funcional e territorial, e a lexitimación para negociá-lo estará en función, como non!, dos resultados eleitorais. No caso dos convenios de ámbito superior à empresa (provinciais, autonómicos, nacionais, etc.), tanto o PSOE-UGT, como o PCE-CCOO empioran o ante-proxecto de ET ao impedir que os sindicatos minoritarios pudesen asociarse para sumar as súas cuotas de representación à hora de poder estar presentes na mesa de negociación. E o que é peor, o PCE inclue a exigencia de reunir a maioría absoluta para poder negociá-los.

Se nos fixamos na cifra de delegados antes mentada, calquer un pode entender que é o que pretenden ditas cláusulas: lexitimar e blindar unha situación de facto. Isto respondía à estratexia públicamente admitida por CCOO de facer desaparecer aos sindicatos minoritarios (o «minifundismo» sindical).

Desde 1980 repetíron-se cada 4 anos procesos eleitorais e os resultados foron máis nefastos aínda que os obtidos nesa data para todos aqueles que querían competir con UGT-CCOO. Non existen en broma terceira forza sindical en España.

Tratar de combater a UGT-CCOO con as súas propias regras de xogo, non é propio de xente astuta, senon de todo o contrario. Ninguén establece regras de xogo para perder a partida. Os factos o confirman. Se a todo o anteriormente dito engadimos-lles que as prerrogativas que concede a lexislación, no que respeita às horas sindicais, subvencións, representación institucional, etc., están en función dos resultados electorais, explica que aos sindicatos que se afanan por facer da súa acción sindical unha campaña electoral non lles interesa para nada a pequena empresa, que é onde se encadra a maioría da poboación activa de este país. É nas grandes empresas e na Administración onde se botan as redes... onde ten a súa rede caciquil.

A CNT di-os que as eleccións son o modelo que a eles lles convén, porque só a eles beneficia. Só serven para legitimá-los, para que podan facer no noso nome o que queiran. A tres meses da promulgación do ET, a CNT convocou o seu primeiro congreso despois da ditadura, opondo-se ao modelo sindical que ían implantar con toda unha serie de razóns que resultaron ser proféticas:

1. Opomono nos porque coas eleccións sindicais frea-se o proceso de organización dos traballadores e anula-se a asemblea de fábrica.

2. Conduce-se ao sindicalismo a unha nova forma de «verticalismo».

3. As eleccións só serven para integrar aos traballadores no sistema electoral, onde uns votan e outros deciden. Este proceso anula ao sindicato e a acción sindical combativa.

Neste país, grazas às eleccións sindicais, o sindicato vertical franquista foi substituído polas burocracias de UGT-CCOO, encargadas de evitar que se afianzase o movemento obreiro, que só será unha realidade cando as asociacións obreiras venzan o modelo de comités de empresa e delegados sindicais. Para CNT, a representación dos traballadores realizan-na as súas organizacións, e a expresión unitaria de todos os traballadores leva-se a cabo pola asemblea de empresa.

## Lista das nosas empresas menos favoritas do trimestre

**Mercadona**, porque acosa.

**Telefónica**, porque non para de gañar cartos e amolar os seus traballadores e clientes.

**Jazztel**, porque despide traballadores en masa.

**Sergesco** (Augas de Oleiros), porque subiu a cota 10 euros.

**Fadesa**, porque favorece o destajo.

**Inditex**, porque nos seus talleres traballamos como no século dezanove.

**Sergas**, porque contrata os substitutos de luns a venres e despide-os os fins de semana.

# Plan RENOVE

Despida os seus traballadores case por nada

Agora máis cómodo, rápido e barato coa nova reforma laboral

Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais



# Os porteadores

Nas películas de Tarzán, cando chegaban os expedicionarios brancos á selva e preparaban o necesario para a longa viaxe cara ao descoñecido, sempre se facían (ía dicir *contrataban*, pero non sei se pagaban un xornal) cun grupo de porteadores autóctonos, ademais do guía e intérprete que era un autóctono que imitaba os expedicionarios. Estes porteadores, por razóns obvias, eran todos negros. Tamén eran bastante ignorantes, porque non sabían falar o castelán, cousa que si sabían os expedicionarios a pesar de seren todos ingleses ou americanos, e sabíamos tamén nós, o público, a pesar de sermos todos galegos. En realidade mostraban a súa ignorancia en máis cousas: tiñan un escasísimo rexistro xestual pois só sabían mostrar temor e só pensaban en fuxir ante calquera pequena contrariedade que o expedicionario solucionaba sen ter que levantar unha cella. O medo era o seu estado anímico permante. De feito, sendo eu gran amante das linguas e despois de ver moitas películas de Tarzán, teño a seguridade de que a única palabra da que dispuñan na súa primitiva linguaxe era *yu-yu*. Tampouco eran fermosos. Resultaban máis ben enclenques e apoucados, aínda que fosen capaces de cargar con grandes farsdos.

Pois ben, naquelas películas os porteadores tiñan dúas funcións fundamentais, ademais da de dar color local. A primeira era a de



ses non lles conviñan. Os negros carecían de individualidade e de recursos para sobrevivir porque se embarcaban (quizá por un xornal, quizá porque era o que había que facer) nunha viaxe en que nada lles ía nin lles viña, pois era unicamente polo interese dos brancos.

As cousas son así. Os exploradores brancos (os donos do mundo, os capitalistas) emprenderon unha viaxe cara ao descoñecido porque esperan acadar un tesouro cada vez maior. Os perigos son enormes, e a destrución cénese sobre todos. Nós, os porteadores, perdemos os referentes que tiñamos na nosa tribo (xa non falamos entre nós do que realmente nos interesa, do que queremos; da viaxe só sabemos o que os intérpretes queren dicirnos). Vivimos amedrentados con mil *yu-yus* que van variando (pitbulls, violencia doméstica, delincuencia, terrorismo,...) e dos que só nos poden salvar eses estraños brancos que levan armas fabulosas ás que non temos acceso e para as que non temos defensa. Sentímonos feos e amedrentados, cremos que eles nos salvan.

demostrar o terriblemente perigosa que era a viaxe cara ao descoñecido, xa que, se eles, que eran de alí, estaban tan amedrentados, por algo sería. A segunda e máis importante era a de caer polos precipicios ou afogar lentamente nas áreas movedizas (as pelis que máis me gustaban eran as das áreas movedizas). Así o público notaba desde o principio que, aínda que os brancos non morrían, si que se podía morrer e, de feito, ás veces o branco malo afogaba ao final nas áreas movedizas (moito medo daban). O que nunca se puña en cuestión era que sentido tiña para os negros aquela viaxe que, de ter éxito, só beneficiaría aos brancos.

Total, que aos porteadores non se lles collía cariño, e cando caían polo precipicio e o expedicionario berraba «Oh, dios mío, las medicinas!», a todos nos parecía moi normal.

Así era. Os brancos estaban seguido tranquilizando e salvando negros pero, como só eran seres humanos (os brancos, digo), tampouco os podían salvar sempre, e producíanse perdas que aos ingle-

E cando un, ou mil, de nós, caemos polo precipicio, xa non fai falta que sexan os brancos os que digan «Oh, dios mío, las medicinas!». Son os demais porteadores os que o berran.

Pero non nos enganemos. Tarzán tamén é branco, e as medicinas son só para eles.

## Auténtica memoria

Hai uns meses faleceu o compañeiro Xosé Iglesias Paz, un militante sindicalista e anarquista de primeira liña. As persoas que coñeceron a Xosé non esquecen a humildade con que este home se comportaba, el, que se bateu contra o fascismo durante a guerra civil; el, que se librou, ferramenta en man, de ser ingresado nunha checa do glorioso Partido Comunista de España; el, que retornou a Cataluña en plena ditadura franquista para pór en pé unha estrutura de apoio aos detidos e presos confederais até que foi detido, encarcerado e condeado a morte, pena que venturosamente non se cumpríu porén pasara longos anos nos cárceres de Franco.

Era difícil sacar-lle información sobre a súa persoa, prefería falar de compañeiros e compañeiras que estaban na loita, dicía que o seu non tivera importancia, que fixo o que fixeron tantos outros. Era tan humilde como a compañeira galega Joaquina Dorado, outra persoa que non gosta de poñer-se nen as medallas que lle corresponden pola súa

traxectoria. Foi emocionante xuntar a Joaquina e a Xosé en Compostela para que nos deran unha charla. Auténtica memoria antifascista. Dúas persoas derrotadas pero triunfantes na vida e no Ideal.

Para Xosé, a lembranza. Para Joaquina, un grande bico.

## Cultura envelenada

O disparate non ten cancelas. Vaia por diante que o proxecto da Cidade da Cultura que se levanta paseniñamente no compostelán Monte Gaiás foi unha herdanza envelenada para este goberno de Progreso. Vaia tamén por diante que os gobernantes actuais dixeran cando estaban na oposición exactamente o contrario que agora están a facer. Vaia por diante que eles querían gobernar e «facer País». Pois agora estamos un chisco máis entrampados grazas a falla de valor dos actuais responsábeis da cousa para lle dicir á cidadanía que a mellor solución era deixar o que está feito e non levantar nada máis. Iso sería o máis sensato. Pero como disparamos con pólvora de El-Rei de España, agora toca an-

dar de mudanza e marear a perdiz reunindo comisións de expertos que custan 78.000 euros para que entreguen, finalmente, informes moi similares a outros que a Conselleira Bugallo tiña cima da mesa, con unha diferenza notábel, que eran de balde, que os recebeu gratis a Conselleira Bugallo.

Os actuais gobernantes deben explicar, deben ir ao Parlamento e explicar canto vai custar abrir diariamente a Cidade da Cultura, cantos salários haberá que pagar, canto vai custar o mantemento, canto haberá que pagar ao exército de gardas xurados, canto se pagou xa por bibliotecas de laureados galegos, como a de don Xesús Alonso Montero, e por que se adquiriron para a Cidade da Cultura coleccións de fotografías de procesións de Semana Santa. Se querían gobernar, que actuen, que decidan, que fagan algo, como informar e deixar de botar balóns fóra. Que digan, con nomes e apelidos, quen cobrou medio millón de pesetas, 3.000 euros, por unha reunión de dúas horas co ex-Conselleiro Pérez Varela.

A Cidade da Cultura é un proxecto que lle vai sair moi caro á cidadanía galega. Pero, da igual. Somos ricos. Máis madeira.

## Votos para Leonor

Á pequena Leonor, a filla de Leticia e de Felipe, lle desexo o mesmo que lle desexo a tódolos cativos que naceron ise día; o mesmo exactamente que lle desexo á miña filla a cotío. Isto é: o mellor do mellor – dentro, claro está, do que eu coído que é o mellor para min e para calquera. Así, no ámbito paixonal, fago votos para que se cumpra nela o conxuro maravilloso que lle fixo André Breton á muller–nena Alba: «Que sexas tolamente amada». Deséxolle a Leonor que atope ise ser – home ou muller, por que non? – que a ame por toda a súa existencia cun auténtico amor tolo – no senso que lle daba André Breton a esa expresión –, e que ela deveza por il con idéntica tolemia. Que, por moito tempo que lle leve, procure sen desesperar, sen esmorecer endexamais, a esa persoa única para ela, exclusiva para ela, que lle axudará a medrar interiormente, aportándolle nise intre de comunión carnal, mental e espiritual, a esencia reveladora do seu amor sublime – no senso que lle daba Benjamin Peret a esa expresión.

No plano espiritual, deséxolle, antes de nada, que non crea en ningunha relixión, porque as relixións, tal e como están concibidas, son o maior impedimento que ten a Humanidade pró seu desenrolo espiritual. Que non crea en ningunha Igrexa, porque as Igrexas, lonxe de unir ós pobos, lonxe de unir ós crentes, afástanos e enfróntanos con dogmas mutiladores. Que, en vez diso, procure dentro dela e no interior da Natureza a sabedoría que os sacerdotes simulan posuír dende que se erixiron nos gardas, nos policía da fe. Que saiba que, para ter esa boa morte da que falaba Rilke, terá que edificarse unha boa vida, porque a unha non pode vir sen a outra – e viceversa. Que, malia todo o que digan os filósofos da podremia, crea con toda a súa alma na realidade da Leticia, enxergando, paseniño, que o xeito de ser feliz consiste, precisamente, en aprender a non ser infeliz. E que, para iso, abonda con que siga estes tres principios sinxelos pero moi iluminadores: deixar de face-lo que nos fai dano a nós e ós demais; face-lo que nos fai ben a nós e ós demais, e purifica-la mente con algunha das técnicas que nos regalaron os místicos. Que secasí – e como recomendou o propio Siddharta, o meditador Siddharta – non dea nunca por certo absolutamente nada que ela non experimente antes. Nin sequera o que aseveran os budas. E, sobre todo, que desenvolva dentro dela, que intensifique dentro dela, o noso mellor celme: a compaixón universal. A non violencia. O verdadeiro baremo da Sabedoría.

No eido social, no ámbito político, deséxolle que acade unha visión fraternal, integradora da Humanidade. Que defenda as utopías, porque as utopías son as que fan avanza-la Historia. Que loite, xa que logo, pola utopía dun mundo sen países nin fronteiras, mais no que, asemade, tódolos pobos, tódalas xentes podan desenvolver-la súa propia cultura, a súa propia lingua, a súa propia identidade, xa que a inmensa Tradición do mundo é, xunto coa Terra, o noso flagrante patrimonio. Que non confunda o progreso material co progreso espiritual, porque o primeiro, nos tempos que foxen, vai, case sempre, en contra do segundo – como se os líderes que nos manexan e que, ai, nos eliximos tan ás cegas, pretenderan manternos nun estadio constante de constante estupidez. Que non case nunca con ningún partido, pois os partidos, tarde ou cedo, acaban traizoando os seus ideais e pactando cos poderosos. Que ame a Liberdade por enriba de todo, a individual e a colectiva, e que avogue por ela. Que combata as ditaduras, tódalas clases de ditaduras, e, con elas, o pensamento militar, que é o que impón as ditaduras. Pero que non coide que a democracia é o menor dos males posibles. Que soñe con algo máis, con algo moito mellor, convencida de que é posible.

Gustárame, por último, que a pequena Leonor descubriera algún día un dato terrible pero moi significativo; un dato, coído eu, que podería axudala a dar senso a súa vida. Gustárame que alguén lle contara que, na hora en que se encarnou, morreron en Iraq outros doce nenos coma ela, masacrados polas bombas dos escuros e os ignorantes; e que moitos dos que ise día saudaban o seu nacemento como símbolo da paz e da concordia nacional eran co–responsables desas mortes – ben cos seus actos ou ben cos seus silencios... Talvez así, sabendo isto, comprendendo todo isto, a futura muller Leonor se negue a ser Soberana dunha corte de súbditos. E, se cada, no mellor dos casos, cando teña que comparecer por primeira vez diante do estrado do Estado, rexeitará o discurso que escribirán para ela e, en medio dise silencio avasalador, será quen de pronunciar estas seis palabras únicas: «Nin Deus, nin Rei, nin Amo».

Xoán Abeleira

traballar todos para traballar menos

